




Concellería de Cultura

Casa da Cultura Pintor Lloréns

PROGRAMACIÓN CULTURAL DECEMBRO 2019



Casa da Cultura
Pintor Llorens

Domingo 1 ás 20h

TEATRO

“Casa O’Rei” da Cía. Ibuprofeno Teatro



Esta obra propón un xogo escénico e dramaturxico a partir do "Rei Lear", clásico universal de W. Shakespeare, ambientado nunha típica casa de comidas galega.


Manolo Rei, vello e enfermo, prepara un cocido e reúne á familia. A comida sempre é unha escusa. Desta vez para repartir a casa entre as súas tres fillas. Pero o cocido sáelle cargado de traizón e desprezo.

**Entrada libre. Aforo limitado.
Rógase puntualidade**

Domingo 8 ás 20h

TEATRO

“Loló & mamá” De Ste Xeito Produccións



Margot, a nai de Loló, queda no paro e decide instalarse na casa da súa filla. Pero o que semellaba unha idea xenial que axudaría a xuntar a unha familia desestructurada dende sempre, pronto se transforma en desastre.

Loló e Mamá fainos ver, grazas a un humor fino e acedo, que as cousas case nunca son o que parecen e que as relacións familiares case sempre son máis difíciles do que nos gustaría.

**Entrada libre. Aforo limitado.
Rógase puntualidade**

Sábado 14 ás 20h

CONCERTO

"Clásicos Populares"

Trio Brigantia



Música clásica para todos os públicos.
Un concerto en familia para todos os públicos con obras e fragmentos musicais de algúns dos compositores máis coñecidos da historia da música clásica, con música de todas as épocas, dende Haendel ou Bach ata Puccini.

**Entrada libre. Aforo limitado.
Rógase puntualidade**

Domingo 15 ás 18:30h

**ESPECTÁCULO
INFANTIL**



"Um belo día" de Pista Catro

Espectáculo de novo circo. Un belo día é un proxecto de vida construído por Doce Duca e Iris. Vida en forma de espectáculo. Doce Duca incorpora o malabar, a manipulación e os equilibrios de mazas cunha linguaxe corporal única e impactante, transmitindo emocións nunha peza que integra e intriga ao público de todas as idades.

Venta en taquilla dende o luns día 9

Entrada: 2,5€

A taquilla pecha ós 15 min de comezar o espectáculo



Domingo 22 ás 20h

CONCERTO

Banda Municipal de Música de Sada
Concerto 25 Aniversario



Concerto para celebrar os 25 anos da Banda Municipal de Sada, que tal día como hoxe, 22 de Decembro do ano 1994, realizaba o seu primeiro concerto.

Os integrantes serán acompañados por ex-membros da banda que seguen en activo musicalmente, profesionais e amateurs que foron músicos da banda nestes 25 anos de historia.


Entrada libre. Aforo limitado. Rógase puntualidade

Luns 30 ás 18:30h

MAXIA

“Memorias dun mago galego”

polo Mago Richard



Un neno de 13 anos que esperta ao mundo da maxia, e fai a súa primeira actuación. Pouco a pouco vai lendo e atopando novos segredos máxicos que incorpora ao seu repertorio. A representación esta baseada na historia real do mago, da súa evolución no emprego das linguas. Os comezos sen fala, o paso polo castelán e a implantación do galego. Espectáculo divertido e sorprendente.

Entrada libre. Aforo limitado.
Rógase puntualidade

No auditorio da Casa da Cultura

Sábado 7 ás 20h

"La sombra de la ley"


126 min. + 16 anos



Venres 13 ás 18:30h

"O sono dunha noite de San Xoán"

98 min. TP



Venres 20 ás 18:30h

"A Tropa de Trapo na selva do arco da vella"

80 min. TP



Venres 27 ás 18:30h

"O mago dubidoso"

80 min. TP



Actividades de Nadal



Acendido navideño

Unha familia será a encargada de acender o Nadal en Sada
Coa actuación de un mago e sorteos.

Do 20 de decembro ao 6 de xaneiro:

Pista de patinaxe e inchables

Detrás da Terraza, de 12 a 14 e de 16.30 a 22:30h
(días 24 e 31 ata as 19 horas, días 25 e 1 pechado)



Do 20 ao 23 de decembro:

Casiña de Papá Noël e elfos carteiros

Os elfos recollerán as cartas para Papá Noël no boulevard das
Mariñas, tamén recollerán as cartas nas parroquias
desprazándose no seu orixinal vehículo navideño.

21 de decembro ás 16:45h:

Papanoelada Motera

Actividade solidaria a beneficio da Cruz Vermella



23, 26, 27 e 30 de decembro e 2 e 3 de xaneiro:

Obradoiros de Nadal

Campamento urbán en horario de mañán.
Inscripcións ata o 15 de decembro.

24 de decembro ás 17h

Chocolasada

No Auditorio os coros de nenas e nenos de Sada darán a benvida a
Papá Noël cantando panxoliñas e tomando chocolate con churros



5 de xaneiro

Cabalgata de Reis

Saída ás 18h dende a Lonxa percorrendo as rúas de Sada para
finalizar no Pavillón Municipal con xogos, animación e chocolate
con churros.

+Info na OMIX e en www.facebook.com/concellosada


Exposicións

Casa da Cultura:

Premio internacional
de arte gráfica

"Jesús Núñez"

Do 2 de decembro
ao 4 de xaneiro



Capela de San Roque:

Exposición fotográfica

"Resistencia
nicaraguana
con rostro de
muller"

Do 9 ao 15 de
decembro



9 AO 15 DE DECEMBRO
CAPELA DE SAN ROQUE

Praza San Roque s/n. Sada

VISITA GUIADA DÍA 15 DE DECEMBRO
12.00 HORAS

TALLER DE MÁSCARAS DE MORIMBÓ

ACTUACIÓN DO CORO FEMININO
SISTERS IN THE HOUSE

IMAXES CEDIAS POLA FUNDACIÓN VIOLETA BARRIOS DE
CHAMORRO

FINANCIA:



Organiza:



Concellería de Cultura

Coa colaboración de:

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Deputación
DA CORUÑA

**-Tódalas actividades son gratuitas a menos
que se indique o contrario**

-Aforo Limitado

**-No auditorio non está permitido o consumo
de alimentos e/ou bebidas**

-Rógase a máxima puntualidade

**-A taquilla dispón de cambio limitado, pola
súa comodidade rogamos veñan co importe
axustado**

A programación pódese ver alterada por
necesidades de axenda ou outras circunstancias

Información actualizada nas páxinas web do Concello:



www.concellodesada.com
www.facebook.com/concellosada
e no teléfono **981 619 115**

